

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 30 de XANEIRO de 2009**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, día 30 de xaneiro de 2009, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 13/08, do 19 de decembro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 21.701 á nº 24.646 de 2008.](#)

[3.-Proposición da Presidencia sobre a renuncia ao cargo do deputado provincial Don Pablo Cobián Fernández de la Puente.](#)

### **Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico**

[4.-Modificación da subvención nominativa concedida ao Concello de Muxía para o financiamento do Programa de actividades culturais do ano 2008.](#)

[5.-Modificación da subvención nominativa concedida á Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento da obra “Reforma interior do edificio do Auditorio do Campus Sur”.](#)

### **Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais**

[6.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2009.](#)

### **Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

[7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía \(FECET\), para a adaptación do edificio “Prisma de Cristal” como futura sede do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía \(MNCET\) e aprobación do proxecto modificado para a adaptación para Museo Nacional sobre o primitivo proxecto do Centro das Artes da Coruña e do proxecto básico e complementario de urbanización dos espazos anexos ao Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía \(MNCET\).](#)

[8.-Aprobación inicial do expediente de alteración do cambio de cualificación da parcela nº 34 do Polígono de Sabón.](#)

## **Promoción Económica, Emprego e Turismo**

[9.-Modificación orzamentaria do proxecto ASPIRE, ao amparo do programa “Enerxía Intelixente para Europa”.](#)

[10.-Aprobación da modificación do artigo 23 letra a\) e a Disposición adicional dos estatutos do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.](#)

[11.-Incorporación da Deputación Provincial da Coruña ao proceso de constitución da fundación que xestionará o recinto feiral de Ferrol e designación do representante no proceso.](#)

## **Economía, Facenda e Especial de Contas**

[12.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Padrón.](#)

[13.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Corcubión.](#)

[14.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Monfero.](#)

[15.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Ponteceso.](#)

[16.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Porto do Son.](#)

## **Persoal e Réxime Interior**

[17.-Desestimación das alegacións formuladas contra a modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo de 2009, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

[MOCIÓN](#)

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE XANEIRO DE 2009

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 30 de xaneiro de 2009, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DOÑA CARMEN BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DOÑA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP

DOÑA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE

Non asisten os Sres. Cobián Fernández de la Puente e Villamar Díaz.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 13/08, DO 19 DE DECEMBRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 13/08, do 19 de decembro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 21.701 Á Nº 24.646 DE 2008.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 21.701 á nº 24.646, de 2008.

**3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA AO CARGO DO DEPUTADO PROVINCIAL DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE.**

Ratifícase a inclusión na orde do día e apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

”1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial don Pablo Cobián Fernández de la Puente.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución disposta no artigo 208 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”

#### **4.-MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA AO CONCELLO DE MUXÍA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO ANO 2008.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Manter o importe da subvención nominativa concedida ao Concello de Muxía para o financiamento do *Programa de actividades culturais do ano 2008*, na cantidade de 40.000 €.

2.- Modificar o acordo plenario de 31 de outubro de 2008 polo que se concedeu a subvención, no senso de que o importe do presuposto subvencionado é de 125.991,02 € e o coeficiente de financiamento 31,748 %.”

#### **5.-MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA “REFORMA INTERIOR DO EDIFICIO DO AUDITORIO DO CAMPUS SUR”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1.- Manter o importe da subvención nominativa concedida á Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento da obra de *“Reforma interior do edificio do Auditorio do Campus Sur”*, na cantidade de 400.000 €.

2.- Modificar o acordo plenario do 31 de outubro de 2008 polo que se concedeu a subvención, no senso de que o importe do presuposto subvencionado é de 608.645,96 € e o coeficiente de financiamento o 65,72 %.”

#### **6.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Apróbase o Plan de conservación de vías provinciais 2009.”

ANEXO  
**RELACION DE OBRAS QUE INTEGRAN EL PLAN DE CONSERVACIÓN VÍAS  
 PROVINCIALES 2009**

DENOMINACION	CODIGO	PRESUPUESTO
GRUPO 1A: ORTIGUEIRA	0911000001.0	168847,99
GRUPO 1B: CARIÑO	0911000002.0	46761,91
GRUPO 2: MAÑÓN Y AS PONTES	0911000003.0	168095,6
GRUPO 3: CEDEIRA, CERDIDO Y VALDOVIÑO	0911000004.0	187530,03
GRUPO 4: FERROL Y NARON	0911000005.0	261321,7
GRUPO 5: MOECHE, SAN SATURNINO Y SOMOZAS	0911000006.0	78600,25
GRUPO 6: ARES, FENE, MUGARDOS Y NEDA	0911000007.0	147566,13
GRUPO 7: CABAÑAS, MIÑO Y PONTEDEUME	0911000007.0	159435,68
GRUPO 8: IRIXOA, MONFERO, PADERNE Y VILARMAIOR	0911000009.0	207026,95
GRUPO 9: OLEIROS Y SADA	0911000010.0	59906,05
GRUPO 10: CAMBRE Y CARRAL	0911000011.0	100440,97
GRUPO 11: ABEGONDO, BERGONDO Y BETANZOS	0911000012.0	281443,43
GRUPO 12: ARANGA, CESURAS, COIROS, CURTIS Y OZA	0911000013.0	261781,84
GRUPO 13: BOIMORTO, FRADES, MESIA, ORDES, OROSO Y VILASANTAR	0911000014.0	283729,3
GRUPO 14: MELIDE, SANTISO SOBRADO Y TOQUES	0911000015.0	299938,51
GRUPO 15: ARZUA, BOQUEIXON, O PINO, TOURO	0911000016.0	140086,55
GRUPO 16: ARTEXO, A CORUÑA Y CULLEREDO	0911000017.0	315045,55
GRUPO 17: CARBALLO, CERCEDA Y LARACHA	0911000018.0	317397,01
GRUPO 18: CABANA, CORISTANCO, MALPICA, PONTECESO Y ZAS	0911000019.0	366050,15
GRUPO 19: CAMARIÑAS, LAXE Y VIMIANZO	0911000020.0	86185,03
GRUPO 20: CEE, CORCUBION, DUMBRIA Y MAZARICOS	0911000021.0	120845,76
GRUPO 21: AMES, A BAÑA, NEGREIRA Y VAL DO DUBRA	0911000022.0	170830,69
GRUPO 22: ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO Y VAL DO DUBRA	0911000023.0	270488,07
GRUPO 23: MAZARICOS, MUROS Y OUTES	0911000024.0	179177,29
GRUPO 24: BOIRO, LOSAME Y NOIA	0911000025.0	208916,6
GRUPO 25: BRION, DODRO, PADRON Y ROIS	0911000026.0	92475,13
GRUPO 26: AMES, SANTIAGO, TEO Y VEDRA	0911000027.0	258751,24
GRUPO 27: BOIRO Y RIANXO	0911000028.0	122832,01
GRUPO 28: POBRA, PORTO DO SON Y RIBEIRA	0911000029.0	198758,18
GRUPO 35: CP 2904 DE CORISTANCO A SANTA COMBA	0911000030.0	77851,35
GRUPO 36: CP 3404 DE SIERRA DE OUTES A DUMBRÍA	0911000031.0	63552,99
	TOTAL	5701669,94

**7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN ESPAÑOLA PARA A CIENCIA E A TECNOLOXÍA (FECET), PARA A ADAPTACIÓN DO EDIFICIO “PRISMA DE CRISTAL” COMO FUTURA SEDE DO MUSEO NACIONAL DE CIENCIA E TECNOLOXÍA (MNCET) E APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO PARA A ADAPTACIÓN PARA MUSEO NACIONAL SOBRE O PRIMITIVO PROXECTO DO CENTRO DAS ARTES DA CORUÑA E DO PROXECTO BÁSICO E COMPLEMENTARIO DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS ANEXOS AO MUSEO NACIONAL DE CIENCIA E TECNOLOXÍA (MNCET).**

## INTERVENCIONES

Sra. Farjas Abadía

Bos días, Sres. deputados e Sras. deputadas. O goberno desta deputación tráenos hoxe, despois de dous anos desde que se aprobou no Pleno o inicio do expediente de desafectación do edificio do anterior Museo das Artes da Excma. Deputación Provincial da Coruña, a proposta de aprobación do convenio suscrito entre a Excma. Deputación e a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía para a adaptación do edificio como futura sede do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, a aprobación do proxecto modificado e do proxecto básico complementario de urbanización do espazo exterior.

Hoxe, despois de catro anos desde que o Sr. Zapatero anunciase nun mitin que ían dotar á Coruña dun museo nacional, podemos comprobar en que se concretou o compromiso do Goberno central socialista coa cidade e coa provincia da Coruña. Durante estes catro anos os coruñeses puidemos comprobar a falta absoluta de vontade investidora e de compromiso do Goberno central coa nosa cidade e provincia. Todos os proxectos de investimento en marcha foron aprobados, iniciados e impulsados por gobernos do Partido Popular, e todos eles ou están parados ou sofren anos de atrasos. A única iniciativa específica do goberno socialista foi a creación da delegación na Coruña do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, un proxecto no que os coruñeses investimos case 14 millóns de euros, e o Goberno central, 0 euros. Un proxecto no que, para lavar a cara do Sr. Zapatero, a Administración pública con menos recursos, é dicir, a Administración local, tivo que poñer 14 millóns de recursos propios sen ningunha contrapartida do Estado, e nisto tradúcese a capacidade negociadora dos responsables políticos das nosas institucións, sexa a Xunta, a Deputación provincial ou o Concello, en 0 euros de investimento do Estado e 14 millóns de euros dos coruñeses.

Nestes catro anos non conseguiron nas súas longas negociacións ningunha contrapartida investidora do Estado compensatoria do esforzo da Administración local coruñesa. En catro anos a Deputación provincial foi a gran ausente na sinatura de convenios, das comisións de seguimento ou dos traballos definitivos do proxecto. En catro anos tivemos que indemnizar con 678.315 euros á empresa construtora por incumprimento do contrato, agardando a que os Sres. ministros de Economía e de Educación, agora Ciencia e Tecnoloxía, decidisen.

Quero deixar clara e rotunda a nosa postura, sinalando neste punto que o Partido Popular si creu, e cre, no potencial cohesionador e promotor da nosa cultura dos museos e sempre apoiámos ao Goberno provincial nas decisións que permitisen poñer en uso tan espléndido edificio. O Prisma de Cristal mereceu todos os recoñecementos polo seu deseño e valor arquitectónico, o Prisma de Cristal merece ser aberto aos coruñeses e turistas, evitando que a falta de impulso e iniciativa do Goberno de España



coa Coruña o leve á deterioración, xa que logo, tamén neste caso van contar co noso apoio, pero iso non é óbice para que lles digamos que non estamos de acordo coa pésima xestión e evidente ausente apoio ao proxecto, e que lles pidamos que dean un paso, tomen impulso e inicien a defensa dos intereses dos coruñeses. Dado o custo que para todos os coruñeses tivo o anuncio do Sr. Zapatero, pediríamos, como mínimo, a presenza dos representantes desta institución nos órganos reitores e directores do próximo museo, a participación activa na súa programación e deseño museístico, de xeito que non se prive aos verdadeiros artífices desta cesión, que son os coruñeses, a posibilidade de ser tamén partícipes do seu desenvolvemento e da súa actividade. Saiban que lles damos o noso apoio pero seguiremos vixiantes ao desenvolvemento do proxecto, esperando a presentación do proxecto museístico e que se fixe un prazo firme para a súa inauguración. Grazas.

#### Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días e, como é a primeira intervención que fago neste ano 2009, bo ano para todos e para todas.

Sra. Farjas, indubidablemente non vou coincidir en parte da súa intervención, pero si lle agradezo o seu voto afirmativo a este punto que non dubidamos que vai reflectir en que a cidade da Coruña sexa o punto de divulgación científica máis importante, xa non de España, senón me atrevería a dicir, da Unión Europea, e dígoo baseándome en distintos aspectos como son que contamos co Museo das Ciencias, coa Casa do Home, coa Domus, co Museo da Auga e agora engadir o Museo Nacional da Ciencia e Tecnoloxía, a referencia da Coruña, polo tanto, a cidade e a súa provincia, está garantida.

E da súa intervención quedo con que é un espléndido edificio, indubidablemente é un espléndido edificio. E quedo con que, ou non lemos ben o convenio que imos aprobar, ou aí hai cousas que quedan fóra. Indubidablemente, o esforzo económico que fixo esta institución cos impostos de todos os cidadáns vai traer consigo, como dicía, un museo importantísimo para a cidade, para a provincia e para Galicia. Quero destacarlle que si sempre houbo boa vontade por parte do Goberno da nación, encabezado polo seu presidente, o Sr. Rodríguez Zapatero, ao cal, en nome do equipo de goberno, lle agradecemos esta actuación, e non soamente ao Sr. Rodríguez Zapatero, senón tamén ás xestións feitas polo Sr. presidente que finalizaron incluso onte, determinados aspectos importantes, e tamén ao ministro de Cultura, César Antonio Molina, e como non, a un coruñés de ben que sempre se preocupou pola parte museística e pola divulgación científica, como é o Sr. Núñez Centella, de ben nacidos é ser agradecidos, e vale máis tarde que nunca, vale máis tarde que nunca porque, como ben falaba vostede, hai un investimento importante, hai unha achega de economías desta deputación no exercicio 2008 de 500.000 euros para facer unha praza que van utilizar, será un centro de ocio de todos os coruñeses, entón é un investimento desta deputación, non só de cara ao centro do Museo da Tecnoloxía, senón tamén de cara aos cidadáns. E houbo que pagar unha penalización, como ben dicía vostede, porque poderíamos correr

o risco de ter feitas unhas obras que non se adaptasen logo para o que ían ser, sabemos todos que ía ser un Museo das Artes, e o Centro do Conservatorio de Danza trasladalo da rúa da Franxa, ese era o proxecto primitivo, cautelarmente parouse, fixo unha reclamación a empresa construtora, houbo unha negociación por parte dos políticos e dos funcionarios, que tamén quero felicitar aquí publicamente e agora estamos onde estamos, nun convenio onde cremos que vai ser favorable e, polo tanto, a vontade política plásmase nese convenio, plásmase nese convenio facendo a cesión de uso, por unha banda, de uso exclusivamente, non de propiedade, en segundo lugar todos os gastos de mantemento e conservación irán a cargo do Ministerio correspondente, hoxe Ministerio de Ciencia e Innovación que dirixe a Sra. Garmendia. A seguir, o alumnado dos distintos centros educativos da provincia terán entrada gratuíta ao futuro museo, en visitas colectivas organizadas por esta Deputación da Coruña. Polo tanto, a participación desta deputación será concreta e será, en todo momento, con obxectivos moi claros e moi limpos.

Doutra banda, a deputación poderá utilizar de balde os espazos do museo para celebrar conferencias, exposicións ou actividades científicas, establecendo co xerente ou coa dirección do museo as datas correspondentes. E en calquera caso, se a finalidade non fose para o que foi destinada neste convenio, revertería inmediatamente a propiedade na institución provincial.

Desde o punto de vista político consideramos que é un camiño que foi, se cabe, un pouco longo, di un proverbio indio que unha longa camiñada empeza por un paso, esperemos que este sexa o último paso de cara á divulgación científica, e como dicía ao inicio da miña intervención, de que A Coruña cidade, A Coruña provincia e o noso país galego, sexa referencia da Unión Europea a nivel de divulgación científica. Nada máis e moitas grazas.

#### Sra. Farjas Abadía

Está claro que a participación á que eu me refería non é a que quedou reflectida no propio acordo de cesión aprobado en 2007, que son os aspectos citados polo Sr. Lagares, a participación á que me refiro é no futuro, que é o que hoxe estamos aprobando por fin, a posta en marcha da iniciativa de verdade de creación dese museo, e nese requiriría, como mínimo, xa volvo a reiterar, a participación da representación desta deputación, non no acceso, que está claro que no momento oportuno, cando aprobamos os criterios de cesión, estaba recollido, senón na dirección, na xestión, no deseño museístico, é dicir, a participación no padroado ou órganos reitores deste museo, creo que é unha petición xusta e que de verdade reflectiría, xa digo, o esforzo que fixeron o conxunto dos cesionistas, que son os coruñeses, respecto á Administración central.

Por outra parte, a ninguén nos cabe ningunha dúbida que, como toda iniciativa humana, todos os proxectos teñen nome e apelidos, e tamén este, neste momento está

tendo lugar esta aprobación grazas ao esforzo do Sr. Núñez Centella, e é verdade, é dicir, nesta vida todo ten nomes e apelidos e é de honor poñelo no lugar que merece, e ademais confiamos en que o seu bo facer, que se plasmou nos museos con que conta esta cidade, queda reflectido, pero iso non é en absoluto óbice para que esquezamos a corresponsabilidade que ten a deputación como titular ata este momento dese edificio de seguir participando activamente nos proxectos museísticos e na dirección dese museo.

### Sr. presidente

Se me permiten, é que fixo algunhas aseveracións na primeira intervención que, á parte de non vir a conto, pois non me gustaría que quedasen no aire. Eu creo que calquera deputado do goberno da oposición ten o dereito, e incluso o deber, de pedir a palabra e opinar e falar, pero non é obrigatorio falar. Ás veces, cando non hai nada que dicir, é mellor estar calado, porque dicir que hai unha absoluta falta de vontade investidora do Goberno de España non é razoable cando nunca houbo tanto investimento como nestes últimos catro anos. Dicir que a xestión foi pésima nisto é, ou descoñecer a realidade ou non querer ver a realidade. Este é un edificio que proxectou o anterior goberno presidido polo Sr. Torres, que puxo a primeira pedra en agosto do ano 2003 e, fóra xa das eleccións, cando xa tiña que haber unha mudanza, que non se fixo a mudanza polo tema de Fisterra, e fíxose o 26 de novembro de 2003. Era un edificio que non tiña contido, fíxose un edificio sen saber para que, non había ningún proxecto museístico, o que se pretendía facer era un Centro de Artes, que non se sabía para que, non se sabía que contido ía ter, e trasladar a Escola de Danza, que está perfectamente situada aquí, a satisfacción dos profesores e dos pais dos alumnos, aos arredores a Labañou nese edificio. Non había máis, eu creo que a xestión de conseguir un edificio, onde non había ningún proxecto museístico, que custaría miles de millóns de pesetas enchelo de contido, conseguir que un museo de referencia en ciencia e tecnoloxía a nivel de todo o territorio español, se sitúe na cidade da Coruña, creo que é unha magnífica xestión, para a cidade, para a provincia, para Galicia e para España. E creo que é unha magnífica xestión se temos en conta a rede de museos divulgativos científicos e didácticos que, ao longo destes últimos anos, foi creando a cidade da Coruña, esa é a razón eu creo que xustifica que estea aquí.

Polo tanto, creo que a xestión é magnífica, porque pasaríamos de xestionar un edificio da deputación, que non saberíamos como encher, porque non había ningún proxecto museístico, que custaría miles de millóns, reconverter iso e traer para aquí un Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía. E participar, eu respecto a súa opinión, pero a miña opinión é que non debemos de participar nin na xestión, nin na dirección, nin no museo, non somos expertos a deputación en museos tecnolóxicos, hai uns expertos, que digan os contidos os expertos, que os traian e que musealicen.

E por outra parte neste país participar implica contribuír, contribuír ás cargas financeiras dos gastos de xestión e de explotación dese edificio, e a deputación non está disposta a contribuír, como fixo vostede, fixo un xeneroso esforzo de investir 14

millóns de euros nun proxecto que non tiña contido, reconvertelo. Entón, agradézolle a opinión, pero como vexo que incide no tema da participación, nós non somos partidarios, o que queremos é que se faga un bo museo, un bo museo de referencia, que funcione ben e que sexa un atractivo para a cidade e para Galicia, pero que os gastos de funcionamento os manteña quen ten que mantelos que é o Goberno de España.

### ACORDO

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1º. - Aprobar o convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECET), para a adaptación do edificio "Prisma de Cristal" como futura sede do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (MUNCET)

2º. - Aprobar o PROXECTO MODIFICADO PARA A ADAPTACIÓN A MUSEO NACIONAL, cun orzamento de contrata de 11.756.031,25 euros que supón un incremento con respecto ao inicial de 2.783.321,13 euros e ao segundo reformado de 1.073.567,45 euros.

3º. - Condicionado á formalización do convenio coa FECET á xeración de créditos correspondente por canto o financiamento íntegro da execución deste proxecto e dos gastos de redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde é asumido pola FECET e ao outorgamento da correspondente licenza por parte do concello e unha vez cumpridos estes requisitos:

3º.A) Formalizar en documento administrativo co adxudicatario do contrato primitivo, OBRAS CON LAIN HUARTE (OHL) as modificacións do contrato que aplicando a baixa da adxudicación supoñen un novo prezo de adxudicación de 10.402.912,05 euros, que supón un incremento con respecto ao primitivo de 2.462.960,87 euros e ao segundo reformado de 949.999,84 euros.

3º.B) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 49.173,06 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de quince días, unha vez aprobada a modificación do contrato, polo que queda fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 427.289,55 euros.

3º C) Modificar o contrato de dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde correspondente a este proxecto os gastos do cal, de acordo co convenio, serán asumidos pola FECET.

4º. - Aprobar o proxecto básico complementario de urbanización dos espazos anexos ao MUNCET, condicionado á obtención de licenza e á incorporación de remanentes de créditos ao exercicio 2009 financiado por remanente de tesouraría para gastos xerais

por importe de 500.000 euros (aplicación orzamentaria 0402/431 G/601.00). Facultar ao presidente para a aprobación do proxecto de execución derivado deste proxecto básico a contratación do cal será obxecto de expediente independente.

5º. - Facultar ao presidente para a execución de todas as actuacións administrativas necesarias para o cumprimento do presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN ESPAÑOLA PARA A CIENCIA E A TECNOLOXÍA (FECET), PARA A ADAPTACIÓN DO EDIFICIO “PRISMA DE CRISTAL” COMO FUTURA SEDE DO MUSEO NACIONAL DE CIENCIA E TECNOLOXÍA (MUNCET)

Número /2009

A Coruña, de dous mil nove

#### INTERVEÑEN

DON JUAN TOMÁS HERNANI BURZACO, director xeral da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECET), no uso das atribucións que lle confire o artigo 18 dos Estatutos da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía.

E

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, no uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/85 de bases de réxime local, e en cumprimento do acordo adoptado polo Pleno da Corporación provincial na sesión celebrada o 26- 04- 2007.

Recoñecéndose que teñen capacidade para subscribir o presente convenio,

#### EXPOÑEN

Primeiro.- O Ministerio de Ciencia e Innovación, en execución da política governamental en materia científica e tecnolóxica, quere impulsar de maneira decidida a difusión da ciencia en todas as súas vertentes entre os cidadáns españois. Para iso conta, entre outros instrumentos, co *Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía*, adscrito ao Ministerio por Real decreto 1183/2008, do 11 de xullo. Trátase dun museo nacional que está configurado como unha institución de carácter permanente, que adquire, conserva, investiga, comunica e exhibe, para fins de estudo, educación e contemplación, conxuntos e coleccións de valor científico e tecnolóxico.

Segundo.- A FECET é unha fundación do sector público estatal que ten por obxecto fomentar as actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico en España, desenvolvendo entre outras, a organización de encontros e actividades de difusión sobre temas científico-tecnolóxicos, en especial referidos ás ciencias naturais, ciencias da saúde e ciencias sociais e humanidades, así como a publicación de documentos e edicións na materia. Tamén a elaboración de informes, estudos e análises en materia científico-tecnolóxica.

A FECET, en virtude do convenio suscrito o de 9 de abril de 2008 co Ministerio de Educación e Ciencia, polo que se regula a subvención nominativa consignada nos orzamentos xerais da Secretaría Xeral de Política Científica e Tecnolóxica do exercicio 2008 para o funcionamento do MUNCET, ten encomendada funcións de colaboración e desenvolvemento para a posta en funcionamento do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía na Coruña

Terceiro.- A Deputación Provincial da Coruña ten competencias dirixidas á cooperación para o fomento do desenvolvemento económico e social e dos intereses peculiares da provincia, considerando de extraordinario interese o fomento do coñecemento, investigación e desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía na provincia, colaborando cos concellos da provincia nesta finalidade.

Cuarto.- A Deputación Provincial da Coruña é titular do edificio “Prisma de Cristal”, construído para albergar actividades culturais e museísticas, e neste sentido considerou, de acordo coa Administración Xeral do Estado, que este inmovible é idóneo para destinalo como sede do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, posto que é un edificio de gran calidade arquitectónica, que obtivo o primeiro premio da IX Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo (autores Victoria Acebo e Ángel Alonso), e que reúne as condicións necesarias para cumprir as funcións propias do Museo Nacional de Ciencia, convertendo á cidade da Coruña nun referente internacional de carácter científico.

Quinto.- A situación da sede do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía na cidade da Coruña supón o recoñecemento ao labor que vén desenvolvendo o seu concello, en materia de divulgación científica que, a través da súa liña de actuación priorizou a realización de programas para potenciar a cultura científica dos cidadáns, realizando un extraordinario esforzo investidor, dotando á cidade da Coruña dunhas infraestruturas de gran calidade, completadas con actividades didácticas, conferencias, publicacións, etc.

Sexto.- En cumprimento dos citados obxectivos, o Pleno da deputación con carácter previo á cesión tramitou a desafectación do ben, e neste sentido, na sesión realizada o día 25 de xaneiro de 2007 (BOP nº 26 do 1 de febreiro de 2007), aprobou definitivamente o expediente de alteración de cualificación xurídica dos terreos (superficie 4.622,31 m<sup>2</sup>), así como o edificio en construción que se sitúa neles e que pasa a denominarse “Prisma de Cristal” situado en terreos do Colexio Calvo Sotelo,

Avda. de Labañou - A Coruña, para a súa cualificación como ben patrimonial. De igual modo unha vez desafectado o ben e logo dos trámites correspondentes, o Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de abril de 2007, aprobou definitivamente o expediente de cesión de uso á Administración Xeral do Estado do edificio denominado “Prisma de Cristal” para o seu destino ao Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía.

Sétimo.- Con data do 7 de outubro de 2008, o Ministro de Economía e Facenda, de acordo co artigo 21 da Lei 33/2003 do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, ditou unha orde aceptando a cesión de uso a favor da Administración Xeral do Estado pola Deputación Provincial da Coruña do edificio denominado “Prisma de Cristal” e os terreos onde este se localiza, situado na Avda. de Labañou na Coruña, con destino ao Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, para cuxo fin será afectado ao Ministerio de Ciencia e Innovación.

Polo exposto, as administracións intervenientes proceden a formalizar a cesión de uso do edificio de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS

Primeira.- A Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECET), mediante o presente convenio establecen o réxime xurídico para a adaptación do inmovible indicado na parte expositiva, e cuxa descrición gráfica se incorpora como anexo, ao uso como Museo Nacional.

Segunda.- A deputación entregará o edificio ao Ministerio de Ciencia e Innovación no prazo máximo dun mes contado desde a notificación fidedigna da acta de recepción das obras á que se refire a cláusula cuarta.

Terceira.- Os bens obxecto de cesión de uso valóranse en 14.713.399,33 euros , de acordo coa seguinte descrición:

A) Terreos situados na Avenida de Labañou, que se describe detalladamente no plano adxunto e cuxa valoración ascende a 3.845.484, 58 euros, segundo informe do Servizo de Arquitectura do 22- 12- 2006.

B) Edificio e construción (Prisma de Cristal), cuxo proxecto de execución ascendeu inicialmente a 7.939.951,18 euros.

C) A deputación asume o compromiso de terminar as obras previstas no proxecto modificado do 5-03-2007, do que figura un exemplar no expediente, por un importe de 1.512.961,03 euros.

D) Modificado para a adaptación a Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía por importe máximo 949.999,84 euros.

E) Complementario de urbanización exterior por importe de 465.002,70 euros

Cuarta.- A Deputación da Coruña contratará as obras incluídas no proxecto modificado para a adaptación do edificio “Prisma de Cristal” ao uso como Museo Nacional de

Ciencia e Tecnoloxía, por un importe de 949.999,84 euros, redactado polos arquitectos Victoria Acebo e Ángel Alonso.

O proceso de contratación axustarase á normativa de contratos do sector público vixente.

O custo do contrato correspondente ao proxecto modificado incluídos os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde será financiado na súa integridade pola FECET.

A achega da FECET realizarase no prazo máximo de 20 días contados desde a sinatura do presente convenio, mediante o seu ingreso na seguinte conta da Deputación Provincial da Coruña .....

Calquera reformado, complementario ou liquidación, así como calquera outro incremento do orzamento será subscrito igualmente pola FECET.

Quinta.- A deputación contratará e financiará na súa integridade as obras do proxecto complementario de urbanización exterior, incluídos os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Sexta.- A cesión de uso do inmovible suxeitarase ao establecido na Orde do 7 de outubro de 2008 do Ministerio de Economía e Facenda na que se aceptan as condicións acordadas polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 26 de abril de 2007.

Sétima.- Comisión de Seguimento: Para coordinar as actuacións derivadas do presente convenio créase unha Comisión de Seguimento integrada por dous vogais designados por cada unha das institucións asinantes desta, actuará como o seu secretario, con voz pero sen voto, o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

Oitava.- Vixencia: O presente convenio manterase en vigor mentres se dean as condicións de adscrición e funcionamento do ben.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O DIRECTOR XERAL  
DA FECET

O PRESIDENTE DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Juan Tomás Hernani Burzaco

Salvador Fernández Moreda

## **8.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DO CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DA PARCELA Nº 34 DO POLÍGONO DE SABÓN.**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:



”1. - Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica da parcela 34 do Polígono de Sabón, a descrición da cal figura no plano remitido polo Servizo de Arquitectura, para a súa cualificación como ben patrimonial:

	REFERENCIA CATASTRAL	Nº INVENTARIO DE BENS
34	9956706NH3995N0001AP	32

2. - Expoñer o citado expediente para información pública durante o prazo dun mes a contar dende a publicación no BOP, para os efectos de reclamacións. Transcorrido o devandito prazo someterase á consideración do Pleno para a resolución das devanditas reclamacións e, no seu caso, a aprobación definitiva.

3. - Facultar ao presidente da Corporación para a execución do presente acordo.

4. - Unha vez aprobado definitivamente, iniciárase o expediente de cesión da parcela 34 do Polígono de Sabón ao Concello de Arteixo.”

#### **9.-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA DO PROXECTO ASPIRE, AO ABEIRO DO PROGRAMA “ENERXÍA INTELIXENTE PARA EUROPA”.**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar as modificacións no proxecto ASPIRE

2.- Aprobar a nova distribución financeira do proxecto Aspire correspondente á participación da Deputación da Coruña (modificación orzamentaria no 2009).

O reparto orzamentario e a imputación temporal do proxecto sería o seguinte:

TIPO DE GASTO	TOTAL ASPIRE	IMPUTACIÓN TEMPORAL				PARTIDA ORZAMENTARIA
		2006	2007	2008	2009	
Gastos de persoal Imputación % nómina RDA	19.530	1.912,15 €	8.100,56 €	5.188,14 €	4.329,15 €	-
Subcontratacións:						
-Traducións			3.000		6.000	
-Presentacións públicas			2.000	2.000	2.000	
Total Subcontratacións	15.000	0	5.000	2.000	8.000	0305/731B/227.99

Gastos de viaxe de deputados:						
Viaxes		1v*1p	2v*1p	3v*1p		
Total Gastos de viaxe	4.320	720	1.440	2.160		0305/731B/226.99
Outros gastos específicos (viaxes de persoas invitadas pola deputación)		1v*2 p	2v*2 p	2v*2 p 1v*1p		
Total Outros gastos específicos (viaxes de persoas invitadas pola deputación)	7.920	1.480	2.880	3.560		0305/731B/226.99
Gastos indirectos	3.274	287,85 €	1.219,44 €	903,57 €	863,14 €	-
<b>TOTAL</b>	<b>50.044</b>	<b>4.400,00 €</b>	<b>18.640,00 €</b>	<b>13.811,71 €</b>	<b>13.192,29 €</b>	

De cara á contabilidade da deputación, o Plan de execución do proxecto modificaríase para o ano 2009 e sería o seguinte:

ANO	GASTO PREVISTO		INGRESOS AFECTADOS PREVISTOS		DIFERENZA ENTRE GASTO REAL E SUBV.
	Partida	Importe	Concepto	Importe	
2006	0305/731B/227.99 Persoal e gastos indirectos	2.200,00 <b>2.200,00</b>	EIE	2.200,00	0 Fondos Propios
2007	0305/731B/226.99 0305/731B/227.99 Persoal e gastos indirectos	5.000,00 4.320,00 <b>9.320,00</b>	EIE	9.320,00	0 Fondos Propios
2008	0305/731B/226.99 0305/731B/227.99 Persoal e gastos indirectos	5.720,00 2.000,00 <b>6.091,71</b>	EIE	6.905,86	814,14 Fondos Propios
2009	0305/731B/227.99 Persoal e gastos indirectos	8.000,00 <b>5.192,29</b>	EIE	6.596,10	1.403,90 Fondos propios
	<b>TOTAL PROXECTO</b>	<b>50.044 €</b>			

3.- Aprobar o novo orzamento incluído no texto do contrato asinado polo coordinador do proxecto coa Axencia Executiva de Enerxía Intelixente Europa (Amendment 2).

4.- As cantidades que levan consignada unha partida son imputables ao código do proxecto 2006.3.81010.2 e as cantidades que non levan consignación, como son os gastos de persoal e gastos indirectos, non son considerados codificables.

5.- Facultar ao presidente da Corporación para executar o presente acordo.”

#### **10.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 23 LETRA A) E A DISPOSICIÓN ADICIONAL DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Prestar conformidade ás modificacións do artigo 23 letra a) e a Disposición adicional dos estatutos do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, aprobadas polo Pleno do Consorcio en sesión celebrada o pasado 4 de novembro de 2008.”

#### **11.-INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO PROCESO DE CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN QUE XESTIONARÁ O RECINTO FEIRAL DE FERROL E DESIGNACIÓN DO REPRESENTANTE NO PROCESO.**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Acordar a incorporación da Deputación Provincial da Coruña ao proceso de creación da Fundación Feiras e Exposicións de Ferrol” que xestionará o Recinto Feiral de Ferrol.

2.- Designar ao Sr. vicepresidente da Corporación, D. Pablo Villamar Díaz como representante da Deputación Provincial da Coruña no proceso de constitución da Fundación.”

#### **12.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE PADRÓN.**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Padrón en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva da vía pública para aparcamento exclusivo.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

### **13.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CORCUBIÓN.**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Corcubión. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde as sesións plenarias do 13 de marzo e 11 de setembro de 2008 respectivamente ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

### **14.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MONFERO.**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Monfero. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 14 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **15.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE PONTECESO.**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Ponteceso. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 28 de febreiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **16.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE PORTO DO SON.**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Porto do Son. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 31 de outubro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **17.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS CONTRA A MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE 2009, APROBADA INICIALMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (12 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 12 deputados (PP)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”Vistos o escrito do 22/12/2008 (registro de entrada 81157), presentado por D<sup>a</sup> MERCEDES FERNÁNDEZ-ALBALAT RUIZ e outros, funcionarios todos eles desta deputación; contra a aprobación inicial do cadro de persoal e da relación de postos de traballo de 2009, aprobados con tal carácter polo Pleno da Corporación do 28/11/2008.

Resultando que os reclamantes fundamentan a súa reclamación, en síntese, na cita de varios preceptos legais relativos aos datos que teñen que figurar nas relacións de postos de traballo; ás escalas e subescalas nas que se integran os funcionarios da Admón. Local; ás formas e requisitos para o acceso á función pública local e ás diversas escalas e subescalas. Así mesmo, citan diversa xurisprudencia sobre a diferenza de niveis e retribucións a grupos de funcionarios. Por último, aducen especificamente:

- 1.- A suposta falta de concreción na determinación e adscrición das funcións dos xefes de Sección, en relación coas dos xefes de Servizo, así como tamén na determinación e adscrición das funcións dos xefes de Sección, segundo procedan da escala de Admón. Xeral ou da de Admón. Especial.
- 2.- A suposta falta de xustificación do cambio do procedemento para cubrir un posto de xefe de Servizo concreto, de concurso a libre designación.
- 3.- A suposta inxustificación da apertura a ser cubertos indistintamente por funcionarios de Admón. Xeral ou Especial o devandito posto e o de xefe de Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.
- 4.- A suposta falta de xustificación da atribución do réxime de especial dedicación a un só posto de xefe de Sección, a de Calidade e Modernización.

Resultando que concretan os seus pedimentos, en que se acorde a suspensión da aprobación definitiva da relación de postos de traballo ata que a deputación realice o estudo e delimitación:

- a).- Das funcións que lles competen aos funcionarios das subescalas A e B.
- b).- Das funcións que lles corresponden aos funcionarios da Admón. Xeral e da Especial.

c).- Das funcións que lles corresponden aos xefes de Sección e aos de Servizo do grupo A.

d).- Das titulacións para o acceso a cada un dos postos de xefatura de Negociado, Sección ou Servizo.

e).- Das prazas que deban ter unha diferenciación nos niveis do complemento de destino e no réxime de dedicación.

Considerando que da propia fundamentación legal e xurisprudencial que realizan os reclamantes, se deduce claramente que, dentro da potestade de autoorganización das Admóns. Públicas, e, polo tanto, desta Deputación provincial, os postos de traballo, efectivamente, serán de adscrición indistinta para todo o persoal funcionario, e só poderán adscribirse con carácter exclusivo a funcionarios dun corpo concreto cando así se derive necesariamente da natureza e funcións que teña asignadas (alegación cuarta do escrito dos reclamantes, art. 28 do D.Lexislativo 1/2008, Texto refundido da lei da función pública de Galicia). Así, en cumprimento do dito precepto e demais lexislación aplicable, as relacións de postos de traballo desta deputación, tanto con anterioridade, como desde o ano 2006, inclusive, na que se realizou unha reasignación dos efectivos, das funcións e do organigrama, e ata a que é obxecto de reclamación, para 2009, adscriben indistintamente os postos que implican xefatura de Sección aos funcionarios dos grupos A1/A2 (antes A/B), sen que a tal adscrición indistinta fose obxecto de reclamación, nin reparo ningún, por parte dos aquí reclamantes. Así ocorre tamén, con outros postos que implican xefatura, tales como os de Negociado, de adscrición indistinta aos funcionarios dos grupos A2/C1 (antes B/C).

Considerando, igualmente, que, polo que se refire ao réxime de dedicación dos postos, e, en concreto, o de xefatura da Sección de Calidade e Modernización, resulta que xa desde a súa creación e provisión (relación de postos de traballo para 2003), ten asignado o réxime de especial dedicación, sen que tampouco se producise ningunha reclamación ao respecto.

Considerando, así mesmo, que, polo que se refire á forma de provisión dos postos que implican xefatura de Servizo, resulta que tamén xa, dende hai anos, existe a diferenza na tal forma de provisión, e nuns deles figura a forma de libre designación e noutros a de concurso, sen que tampouco producise ningunha reclamación, nin suxestión polo tal motivo (así, xefe do Servizo de Infraestruturas e Conservación; xefe de Servizo de Organización, Calidade e Modernización; xefe de Servizo de Informática).

Considerando que a través das respectivas Mesas de Negociación do persoal funcionario e laboral se analizan anualmente, ou cando se produce algunha modificación substancial, as funcións e se avalían os distintos postos de traballo, chegando aos acordos correspondentes de reclasificar determinados postos de traballo, modificando nuns deles os niveis do complemento de destino para axustalos ás

funcións que desenvolven; noutros o complemento específico en atención á responsabilidade, penosidade ou especial dificultade técnica, de conformidade co disposto no R.D. 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Admón. Local (art. 4.1), e noutros os grupos de adscrición e a súa forma de provisión, tendo en conta os ditos factores e, no caso, precisamente, das xefaturas de Servizo, tendo en conta, ademais, que se trata de postos de natureza directiva e coa responsabilidade propia da decisión, dirección, execución, coordinación e control do traballo das distintas unidades administrativas que o integran.

Considerando que as propias lexislación e xurisprudencia citadas polos reclamantes, en canto se refire ás relacións de postos de traballo e a adscrición indistinta dos postos a todo o persoal funcionario, resultan de plena aplicación ao acordo contra o que se reclama, pero non no sentido que se lles quere dar polos reclamantes, senón no de que, se insiste, na súa potestade de autoorganización, a Corporación pode, previa negociación nos órganos legalmente previstos (Mesas Xerais de Negociación), acordar a actualización de varios postos de traballo, en base, precisamente, ao contido e as funcións que teñen encomendadas, o que supón, precisamente, de feito e de dereito a súa diferenciación tanto retributiva coa doutros postos, como en canto á forma de provisión, dentro das legalmente previstas, e como no seu réxime de dedicación, xeral ou especial, e tamén en canto aos corpos, escalas e/ou subescalas de funcionarios que poden ter acceso a eles. Todo o que supón, efectivamente, que os estudos e delimitacións de funcións, titulacións e demais que solicitan os reclamantes xa foron efectivamente realizados e tidos en conta os seus resultados.

Considerando, efectivamente, que a xurisprudencia é unánime e constante (entre outras, ademais das que citan os reclamantes, e por todas, STSXG nº 253/1989, do 14/04/1989, e STSXG nº 806/1996, do 29/11/1996, que cita a do TS do 13/02/1996 en recurso extraordinario de revisión), en canto a que a equiparación de postos de traballo é inatendible aínda que se trate do mesmo grupo de titulación, se os postos son, en efecto, diferentes en función de circunstancias e titulacións diferentes, así como nas funcións, dedicación, responsabilidade, que motivan, precisamente, a diferenciación das retribucións complementarias, complemento de destino e específico de cada posto, por esixilo así a propia natureza e esencia dos tales complementos; o que quere dicir, a sensu contrario, que cando se considera que polo grupo de titulación, e polas funcións, dedicación e responsabilidade, varios postos son análogos, resulta procedente a súa equiparación, tanto nas retribucións complementarias, como, precisamente, na súa adscrición e no seu réxime de dedicación, que é o que sucede no caso dos postos que ocupan os reclamantes de xefatura de Sección, cos demais que tamén implican o tal nivel de xefatura e, polo tanto, equiparados todos eles nos ditos aspectos na relación de postos de traballo.



Considerando, por último, e polo que se refire ao dereito á promoción profesional que reivindican os reclamantes, unicamente sinalar que o tal dereito, tal como se configura legalmente nos arts. 16 e seguintes da Lei 7/2007, do estatuto básico do empregado público, significa a posibilidade de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional, así como de acceso a outras escalas ou corpos mediante promoción interna, pero sempre cumprindo os principios de igualdade, mérito e capacidade. No caso presente, os aquí reclamantes, como o resto do persoal da deputación, poderán participar nos procesos selectivos e de provisión de postos correspondentes, de conformidade cos ditos principios e cumprindo os requisitos que, para todos, resulten no seu momento das respectivas convocatorias.

Vistos os preceptos legais e a xurisprudencia referidos, e demais concordantes e de aplicación.

DESESTIMAR as alegacións contra o cadro de persoal e a relación de postos de traballo de 2009, aprobados inicialmente polo acordo plenario do 28/11/2008, formuladas pola funcionaria D<sup>a</sup> MERCEDES FERNÁNDEZ-ALBALAT RUIZ e outros .

En consecuencia, aprobar definitivamente o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para 2009 aprobados inicialmente polo acordo plenario do 28/11/2009, dando traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio das Administracións Públicas para os efectos oportunos.”

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN

### INTERVENCIONES

Sra. Farjas Abadía

Presentámoslles unha moción que ten que ver coa facilitación da integración laboral das persoas con minusvalía psíquica, na relación cos colectivos de distintas persoas, moi en concreto ademais neste caso coa Asociación de Síndrome de Down, trasladáronnos a petición de apoiar e promover o que as distintas administracións públicas promovesen, impulsasen e facilitasen a integración laboral mediante a definición de traxectos de integración de programas de formación específica e, sobre todo, impulsase a puntuación prioritaria nos concursos e concesións en empresas nas cales teña, efectivamente, incorporadas persoas con minusvalías psíquicas na súa relación de postos de traballo. Neste sentido, se me permite o presidente leo o texto do

acordo.

A proposta concreta que traemos hoxe ao Pleno é:

Primeiro.- Instar ao goberno da Deputación da provincia da Coruña á elaboración dun programa de apoio á integración laboral de persoas con síndrome de Down, en colaboración coas organizacións e asociacións sociais especializadas, entre elas coas asociacións de Down da provincia da Coruña dirixido a:

- Elaborar o catálogo de postos de traballo e de actividades laborais de posible realización por persoas con síndrome de Down nos centros públicos da Deputación provincial;
- Elaborar o catálogo de postos de traballo e de actividades laborais de posible realización por persoas con síndrome de Down nas empresas contratadas pola deputación, promovendo a súa realización polos concellos da provincia da Coruña;
- Deseñar o programa de acompañamento na adaptación laboral e capacitación específica ao posto de traballo da persoa con síndrome de Down a realizar polas asociacións cuxo obxecto social é a formación e apoio a persoas con minusvalías psíquicas da provincia da Coruña.

En segundo lugar: Instar ao goberno da Deputación Provincial da Coruña a promover a inclusión como criterio de baremación nos Pregos de cláusulas técnicas e administrativas de contratos a realizar pola Deputación provincial e os concellos da Coruña, o que a empresa concursante teña, ou proponha crear, postos de traballo reservados para persoas con certificado de minusvalía.

Instar ao goberno da Deputación Provincial da Coruña, en terceiro lugar, a promover a restrición de determinados concursos a centros especiais de emprego, no marco do establecido na disposición adicional 7ª da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

E en cuarto lugar: Instar ao goberno da Deputación Provincial da Coruña a incrementar a porcentaxe de prazas reservadas, dentro da relación de postos de traballo para contratos laborais dos centros e organismos provinciais, para persoas con minusvalías, en concreto minusvalías psíquicas.

Entendemos que todas as iniciativas que redunden nesta liña permitirá a integración social e en especial a integración laboral como o paso definitorio para a integración efectiva das persoas con algún tipo de minusvalía psíquica na vida social coruñesa. Grazas.

Sr. Sande Muñiz

Grazas, Sr. presidente, bos días, Sras. deputadas, Sres. deputados. Desde os grupos de goberno, sen entrar no fondo da cuestión, imos rexeitar a urxencia desta moción,

entendemos que é unha moción demagóxica e que nós vimos apoiando e colaborando coas institucións, neste caso falamos das institucións de Síndrome de Down, apoiamos ademais tanto a Down Santiago como a Down Coruña, incluso financiando o local da propia asociación. E no que se refire á integración laboral que se expón aquí na moción, desde logo, para nós o camiño é seguir precisamente o que establece a Lei de contratos do sector público, e de feito este deputado como presidente da área de Benestar xa fixo unha proposta ao Servizo de Contratación para que se contemple a puntuación e a reserva para os centros especiais de emprego nos contratos da propia deputación e que se contemple nos pregos o que establece a Lei de contratos do sector público nese sentido, que ademais aposta polas políticas sociais desta deputación, incluso incrementado os orzamentos deste ano 2009, moi por riba do que se incrementa o orzamento global, nos apartados para políticas sociais, é evidente, e a aposta pola integración laboral tamén, pero ten que seguir as canles regulamentarias. É dicir, a integración laboral dos traballadores e a reserva para os centros especiais de emprego, a través do que establece a Lei de contratos do sector público, e a reserva para persoas discapacitadas tamén o acceso ao emprego público que tamén está recollido na lexislación. Nada máis.

Vótase a urxencia da moción:

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 12 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (12 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Ao non aprobarse a urxencia, decae a moción.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, eu non quería que o meu rogo soase nestes momentos de temporal, a ser considerado como dunha maneira politicamente non correcta, pero a realidade é que o Grupo Provincial Popular quere pedirlle á deputación a concesión de axudas para paliar os danos do temporal nos concellos, xa que outro tipo de axudas saíron dirixidas de forma especial á poboación en xeral.

O paso do peor temporal que aconteceu en Galicia nos últimos vinte e cinco anos deixou grandes estragos materiais na nosa Comunidade Autónoma, pero a nosa provincia viuse afectada, se cabe, dunha maneira máis urxente. A chegada deste temporal deixou na nosa provincia grandes perdas tanto no patrimonio público como no patrimonio privado. No eido público estes estragos afectaron ao mobiliario urbano, tal

como rotura de marquesiñas, farois, derrubamento de cubertas de pavillón, fendas nas estradas, rotura de redes, cortes na subministración de auga, etc. No eido privado tamén houbo importantes e cuantiosos danos materiais, cunha incidencia máis notable no medio rural, tanto nas vivendas como nas cortes. A isto hai que engadir a falta de subministración eléctrica que, a día de hoxe, está aínda sen restablecerse nalgúns poboacións, cos conseguíntes trastornos e perdas económicas que isto provoca. Tamén hai que engadir a falta de comunicación, tanto vía teléfono fixo, como móbil. As explotacións leiteiras, en particular, están vivindo unha situación insostible ao non poder realizar os labores de muxido e arrefriado do leite, obrigándose a tiralo nalgúns casos. Cabe mencionar tamén a preocupación polas perdas de alimentos que as familias adoitan almacenar no conxelador, como consecuencia da falta de luz durante tantos días. No sector forestal as consecuencias son devastadoras.

Entendemos que non se pode loitar contra a natureza, pero as nefastas consecuencias do temporal sumiu a Galicia nestes días nunha situación caótica que deixou perdas irreparables.

Ante todo o exposto, o Grupo Popular quere instar ao goberno da Deputación Provincial da Coruña á urxente avaliación dos danos causados na nosa provincia e arbitrar unha liña de axudas urxentes dirixida aos concellos da provincia para paliar os gastos extraordinarios que tiveron que facer para establecer os servizos básicos aos cidadáns e substituír o patrimonio público danado. Moitas grazas.

Sr. presidente

Con respecto ao rogo dáme pé para dicir que, efectivamente, o temporal foi tremendo e que a deputación desde o venres, advertida por Meteoroloxía de Galicia de que habería un temporal con ventos superiores aos 140 quilómetros por hora, púxose en contacto coas empresas que temos contratadas para facer o mantemento das estradas, que non están contratadas para este tipo de actividades, están contratadas por se hai un accidente e lévase unha bionda, ou lévase un sinal, que se repoña urxentemente, se hai un accidente e hai grava, limpar a estrada, ou se hai un foxo, tapar esas fochas, pero púxose en contacto coas empresas dicíndolle que tivesen reténs preparados por se fose necesario que tivesen que saír. E xa na noite do venres 23, continuouse o sábado e a mañá do día 25, limpáronse as estradas provinciais. O día 26 estaban todas abertas, teño un parte de incidencias do día 26 coa situación, en todos os concellos da provincia, a situación de cada unha das estradas.

Eu quero, dalgunha maneira poñer de manifesto o traballo que fixeron varios funcionarios, a pesar de que estivemos tamén sen luz aquí o sábado pola mañá e era difícil recibir os partes de incidencia, e estiveron traballando pola deputación 102 operarios, 12 camiós guindastre, unha varredora, 16 retroescavadoras, 7 tractores, 6 camiós e as motoserras que foron precisas.

Polo tanto, creo que a deputación actuou correctamente, quizais non ao gusto de todo o mundo, porque claro, non se pode chegar a todos os sitios ao mesmo tempo, é imposible, pero o día 24 limpáronse as estradas, deixáronse nos bordos, nas marxes e nas cunetas os troncos e as pólas e o luns 26 xa se empezaron a limpar estes troncos e estas pólas.

Con respecto ao rogo do Sr. deputado, en principio a deputación non ten previsto sacar ningún tipo de axudas para os concellos. Tamén quero dicir que os GRUMIR, que traballaron moi ben nestes concellos, son pagados, como vostedes saben, pola deputación. E non temos previsto ningún tipo de axudas nin imos facer ningunha avaliación porque xa o está a facer a Xunta, non ten sentido duplicar esforzos. E segundo o decreto da Xunta, que eu non coñezo, sei que se aprobou onte, pero eu non o coñezo, está previsto para atender os gastos dos concellos, para repoñer os estragos na propiedade pública e tamén a propiedade dos particulares, en vivendas de primeira residencia, en vivendas de segunda residencia, está previsto para atender aos estragos en instalacións gandeiras e agrícolas da provincia e, en principio, cobre todos os danos. Polo tanto, non ten sentido que nós saquemos unha liña de axudas cando hai unha liña de axudas do Goberno de Galicia, nin que fagamos unha avaliación dos danos porque o está a facer a Xunta de Galicia. O que si imos facer, como lles anuncie xa nos últimos Plenos do próximo ano, é que aproveitando o remanente imos sacar un plan, que non sei a cantidade que vai ter de euros, para que os concellos fagan, ou ben atendan gastos correntes, os que consideren eles necesarios, de mantemento de servizos esenciais obviamente, ou ben para atender a outro tipo de investimento que eles queiran. Ímolo ter listo no mes de abril, máis ou menos, non sei se estará listo porque hai que facer un expediente de modificación de créditos para o mes de abril.

E isto é o que lle podo dicir, que a deputación actuou correctamente no mantemento do que é a súa obriga, as estradas provinciais, para telas listas e expeditas, que quizais non actuamos, aínda que non teña ningunha queixa, pero quizais non actuamos ao gusto de todos porque cando un ten unha desgraza quere que o atendan a el o primeiro, e foise actuando na medida que se puido, pero que o día 26 estaban todas as estradas abertas e que as empresas que están contratadas para o mantemento responderon coas persoas e o material que lles puxen de manifesto. E que en principio imos ver o que dá de si a axuda da Xunta, e o que non ten sentido é, sempre falamos de non duplicar accións, o que non ten sentido é duplicar accións.

#### Sra. Farjas Abadía

Bos días, de novo. Trasláddolles un rogo dos pais dos alumnos precisamente do Conservatorio de Danza. O Conservatorio de Danza da deputación, que sabemos que constitúe un elemento clave nas estruturas de formación e promoción cultural na nosa provincia, tal é así que o apoio á danza levou á creación do ballet galego Rey de Viana, tristemente desaparecido, ou á proposta da dotación dentro do Museo das Artes no edificio Prisma de Cristal que, como xustificaba o presidente, era precisamente para que tivese sede alí o Conservatorio de Danza.

A política cultural da deputación posicionouse entendemos que en contra da danza, e foi evidente a ausencia de todos os deputados do Bloque ou do PSOE na exhibición final do curso no Teatro Colón, e ademais son evidentes os problemas na xestión das bolsas ou na xestión administrativa como puiden poñer de manifesto neste Pleno.

O Conservatorio de Danza ten 143 alumnos, sen que exista nel unha política de formación complementaria que permita facilitar o coñecemento dos grupos de danza que ofrecen espectáculos na nosa provincia ou a participación como formación práctica na coreografía ou espectáculos que ofrecen na nosa provincia, os cales, grupos teatrais, ou de danza, que requiren presenza de nenos neles. Por iso os deputados do Grupo Provincial do Partido Popular cremos que sería desexable potenciar a formación práctica dos alumnos do Conservatorio de Danza mediante a formalización de acordos, convenios, liñas de colaboración con entidades que organizan espectáculos de danza dirixidos á obtención de bonos, de ticket de custo reducido para que o alumnado do Conservatorio poida asistir a un prezo máis accesible, ou tamén acordos con compañías de danza, ou de teatro e con entidades organizadoras de programas culturais nas cidades da nosa provincia, para promover a participación do alumnado nas coreografías e espectáculos que contén coa presenza de danzantes menores neles, de xeito que se complemente a formación que realiza intra conservatorio coa posibilidade de participar máis activamente, xa digo, ben como espectadores con bonos en bonificacións nas entradas, en espectáculos, e sobre todo na participación activa nas coreografías de grupos que requiran nenos de danza e que teñen lugar en espectáculos na nosa provincia ou na nosa cidade. Grazas.

#### Sr. presidente

Se os pais e nais do alumnado teñen algún problema, o normal é que falen coas persoas que teñen a responsabilidade de solucionalo, e eu non teño coñecemento de que ningún pai de ningún alumno expoña ningún problema. Polo tanto, dígalle aos pais e nais do alumnado que falen con vostede que fale con quen ten a potestade e a capacidade de resolvelo, porque aos que falan para saír na prensa eu non lles fago caso ningún, punto primeiro.

Segundo punto, que o goberno do Grupo Socialista e o Bloque non ten interese na Escola de Danza é unha afirmación que non comparto en absoluto. Mire, este presidente que lle fala, cando presidiu a deputación, resulta que a Escola de Danza era unha academia privada, e os alumnos tiñan que ir a examinarse todos os anos a Sevilla, este presidente que lles fala conseguiu que os catedráticos de Sevilla viñesen a examinar aquí aos alumnos, aforrándolles un custo importante aos pais e preocupacións. Este presidente que lles fala conseguiu que fose unha Escola Oficial de Danza recoñecida, é dicir, xa non viñan os catedráticos a examinar, senón que os profesores que lles daban clase todos os anos, eran os que os examinaban. E conseguiu este presidente que lles fala que a Escola de Danza sexa unha escola recoñecida. O feito

de que o presidente, un deputado ou outro deputado non vaian ao espectáculo non significa que non lles interesa ou que non teñan interese. Moita veces pasaralle a vostede que cando lle mandan un convite xa está comprometido noutro sitio e non pode ir.

Pero non só facemos iso, senón que todos os anos veñen bailaríns de recoñecido prestixio a dar cursos de formación, Carmen Roche e outros máis, todos os anos. Pero non só facemos iso, senón que ademais temos unha política específica de bolsas para os nenos e as nenas da Escola de Danza para que vaian completar a súa formación noutras escolas de España ou do estranxeiro, e foron, eu non sei se centos, ao longo destes anos, pero foron moitísimos alumnos da escola e alumnas, foron a formarse no estranxeiro. Algúns están bailando no Ballet de Maurice Bejart, algúns están traballando con Víctor Ullate, algúns desta escola. Entón, o que non pode dicir é que hai un descontento dos pais, e que non temos interese porque non vaíamos, por certo, eu fun todos os anos, agás este último, ao espectáculo de fin de curso, non pasa absolutamente nada.

E logo o que si quero dicir claro, o que teña algo que reclamarlle á deputación, que fale con quen ten a responsabilidade de resolvelo. Todos os que falan cos demais para saír na prensa, do que sae na prensa, eu paso, porque o que sae na prensa sen falar previamente con quen ten que falar é que non ten interese en resolver nada, senón montar lea, e os que intentan montar lea, claramente, tráenme sen coidado.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.